

A QUENLLA DAS PALABRAS

Cando eu era un neno das aldeas de Galicia a percorrer ese meu corredor de familia que hai na Terra do Medio, levaba nas costas un saquete de case nada quilos e moito cariño para a miña tribo de Quian, en ida e volta polas valigotas e carreiros. E foron medrando así aqueles dez e doce, catorce anos de andadura polo entrecosto e os refachos da montaña, que xa eran meus, da miña ensoñación, dos meus minutos. Non era aínda dono da música dos ouvidos para a memoria das voces e dos ecos, e outrosí xa estaba atento aos chirlos dos paxaros, que eran regalía. Naquela nosa infancia, ao abeiro dos últimos anos cincuenta do pasado século, Concha Piquer, Machín, Molina e Antoñita Moreno, unha e tres antonios que honraban a onomástica da mi ñai, tiñan as voces máis limpas da RNE, a SER e os discos da escola do brandy Fundador, fornecedores dos guateques. Nesta trashumancia queríamos o traxe dos músicos das Bandas Populares e a vasoira era unha bata de cola para acompañar a danza de aprendices achegados. Por esta garatuxa do maxín atravesaba eu en tempo récord os cols d'A Paradela e de Gharlín, as avenidas elíseas de Santán e Santa Comba de Agolada, as engrovas de Friufe e de Carral... Un día de anos antes desta historia ciclista (nunca puiden ter unha bicicleta de meu) quixera ser mestre director da Banda de Visantoña no San Roque de Melide e os meus pais consentiron na miña afouteza de dirixir a pé de perna do mestre músico da Banda a marabilla dos pentagramas da nosa música popular, que todas / todos entendían. E velaí ao Pepiño do Xastre de Quian tentando a Música, que nunca puido ser. É memoria en firme, asinada na infancia (a credencial das nosas vidas).

Quere a historia de cadaquén cumprir coas obrigas e arestora a Música está ao meu carón de xeito humanizado, en biografías que baixan ao tallo de sentar comigo na lareira primixenia para sermos amigos / amigas sempre. Teño así o cariño de algún dos músicos daquelas Bandas que aínda viven; dos outros que son concertistas de prestixio, coma Tomás Camacho; dos refundadores do canón de buxo para que a gaita ecoe Máis Alá de noso e son así individuo e colectivo de gaiteiros do profundo, coma os grilos, o ouriol, o xílgaro, o merlo e a laverca...en confraría sinfónica do noso Tempo e Terra. Porén gardo unha especial atención para o canto das palabras de Galicia en compango coa música dos nosos eidos das antropoloxías, ese casorio, ese convívio da fonética e a voz dos pentagramas que nos corresponden. Velaí a memoria dos rueiros de antigo, das carballeiras de sempre, das prazas e alamedas, dos cinemas multiuso, dos espazos de andar e ollar as liberdades, todas. E digo aquí, sen exclusións dos que foran antes ou despois, A QUENLLA. Escoito un buxo. Cantan de nós. Son sintonía de menceiros, madrugueiros. Veñen de xoldra á

Nosa Casa. Arrían o petate da camiñada de lonxe e sentan na Mesa dos Amigos / Amigas. A fartura está en telos ao carón da muiñada, da vendima, de seitores e atadeiras do Noso Pan cando as searas eran, son fartura e exercicio sen destempo. O percorrido da Historia Humana e Humanista de Galicia nas voces e no son do vento que pronuncian: chairego, ribeirán, antropozoico, ceibe. Hoxe están comigo na anunciada desta solporecida de abril, en Cangas, cando escribo, e venta morno do surés. En pouco chove sobre as flores e nace o silencio na Fraga de Coiro. E chove tamén na gándara de Melide e n'Agolada; encarrapucha o Faro e o trovador de Requeixo alégase na Capela das paxariñas das alturas. Mero e Mini, ou viceversa, empurran do alalá dos corpos coma os bois de outroras: Habemus sempre a Lingua e as Herdanzas.

Xosé Vázquez Pintor
Cangas, 7 de abril do 2008.